

PONTEVEDRA

1. Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa)
2. Campamento Xuvenil Pontemiril (Forcarei)
3. Campamento Xuvenil A Illa de Ons (Bueu)
4. Granxa Escola El Kiriko (Fornelos de Montes)
5. Corazón de Carballo Granxa Escola (Tomiño)
6. FervenzAventura (Silleda)
7. Illa de San Simón (Redondela)
8. Complexo Natural CEMAR (Mondariz Balneario)

ALBERGUE XUVENIL AS SINAS (Vilanova de Arousa)

Praia das Sinas, 36620. Vilanova de Arousa (Pontevedra).

Está situada na ría de Arousa a 4 Km de Vilagarcía de Arousa, na estrada Vilagarcía-Cambados.

Autobuses e ferrocarril a Vilagarcía.

T. 886 159 237 886 159 238

O albergue está nunha zona turística á beira do mar con abundante arboredo, zona verde e xardín. Ten unha capacidade de 120 prazas en liteiras.

A instalación dispón dunha pista polideportiva de fútbol sala e baloncesto.

O albergue conta cun pavillón adaptado para persoas discapacitadas con problemas de mobilidade. O pavillón número 3 conta con 13 camas baixas, 1 aseo e 1 ducha adaptados e, a maiores, fóra do pavillón, nos aseos comúns existe 1 aseo e 1 ducha adaptados para nenos e igual para nenas. Non hai barreiras arquitectónicas para acceder ao comedor e ás salas de uso múltiple xa que estas teñen ramplas. En canto ás actividades xenéricas deste albergue, hai que considerar as limitacións que poden xurdir no desenvolvemento de vela, táboa, piragüismo e caiac polo.



✓ O MAR QUE IMAXINAS

ACTIVIDADES

Náuticas: vela, táboa (wind), piragua, caiac polo, snorkel con seadoo scooter; **surfcamp:** skimboard, volei praia, voleipé/takraw, shutleball, paddlesurf; **deportivas:** Alusinas (fútbol, baloncesto, volei praia e slack-line), Atlantis (observación de fauna e flora, xogos de rol ou misións ecolóxicas); **outras:** Aula da Mariña: Intermareal e trashtag challenge, excursión a Vilanova de Arousa.

NOTA: Para ser admitido no campamento é necesario saber nadar.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
O mar que imaxinas	01-10/07	11-12	193,30 €	360001
	15-24/07	11-12	193,30 €	360002
	29/07-07/08	11-12	193,30 €	360003
	12-21/08	08-09-10-11	193,30 €	360004
	26/08-04/09	08-09-10-11	193,30 €	360005

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

CAMPAMENTO XUVENIL PONTEMARIL (Forcarei)

Campamento xuvenil Pontemaril. 36550 Forcarei (Pontevedra).
Situado a 2 Km de Forcarei, na estrada N-541 de Pontevedra-Ourense.
Ferrocarril a Pontevedra.
T. 886 159 255

É un campamento de media montaña con capacidade para 140 prazas en tendas de campaña e 48 prazas en albergue da instalación.

As instalacións non están adecuadas para a accesibilidade de persoas en cadeira de rodas ou con apoios ortopédicos (muletas, etc...), xa que a situación das tendas ou pavillóns existentes (dormitorios, aseos, multiusos) atópanse nun contorno forestal onde os accesos son de terra ou grava, con certas subidas e baixadas, sen aplanar. Tamén hai que ter en conta as particularidades propias do desenvolvemento das actividades xerais.

✓ AVENTURA NA NATUREZA

ACTIVIDADES

Aventura e natureza: escalada e tirolina, gran xogo de aventuras, láser tag (en busca do tesouro); sendeirismo na montaña, **aula de natureza:** xogos, experimentos participativos de temáticas científicas, creación dun proxector de constalacións e un mapa estelar xiratorio (ou planisferio caseiro) previo á actividade de "Starlight Forcarei"; Forcaventura: circuío que combina varias actividades como o tiro con arco, o slack-line, malabares (pedalo, cariocas, diábolo e bolas malabares) e Safari fotográfico na natureza, **Náuticas e deportivas:** piscibol, olimpíadas Pontemaril (baloncesto, fútbol, waterpolo, salto de lonxitude, lanzamento de peso, slackline, béisbol, lacrosse, indiaca, crossball, netball, mazaball, floorball, goalball, boccia), xogos populares galegos (chave, mariola, aros, chapas, birlos, trompo, ra).
Outras: piscina.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura na natureza	01-10/07	14-15	146,70 €	360006
	15-24/07	12-13-14	146,70 €	360007
	29/07-07/08	12-13-14	146,70 €	360008
	12-21/08	12-13-14	146,70 €	360012

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

✓ PEQUECHO AVENTURA

ACTIVIDADES

Aventura e natureza: orientación e supervivencia, sendeirismo na montaña, escalada e tirolina, gran xogo de aventuras, **aula de natureza:** xogos, experimentos participativos de temáticas científicas, creación dun proxector de constelacións e un mapa estelar xiratorio (ou planisferio caseiro) previo á actividade de "Starlight Forcarei"; Forcaventura: circuío que combina varias actividades como o tiro con arco, o slack-line, malabares (pedalo, cariocas, diábolo e bolas malabares), safari fotográfico na natureza ; **náuticas e deportivas:** caiac, piscibol, olimpíadas Pontemaril (baloncesto, fútbol, waterpolo, salto de lonxitude, lanzamento de peso, slackline, béisbol, lacrosse, indiaca, crossball, netball, mazaball, floorball, goalball, boccia), xogos populares galegos (chave, mariola, aros, chapas, birlos, trompo, ra).
Outras: piscina.



NOTA: Para ser admitido no campamento é necesario saber nadar.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Pequecho aventura	02-09/07	15-16-17	117,36 €	360009
	16-23/07	15-16-17	117,36 €	360010
	30/07-06/08	15-16-17	117,36€	360011

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

CAMPAMENTO XUVENIL A ILLA DE ONS (Bueu)

Campamento Xuvenil A Illa de Ons. (Pontevedra)
En barco desde Bueu, Sanxenxo e Portonovo.

Campamento situado na Illa de Ons. Ten unha capacidade de 60 prazas en tendas de campaña.

As características do campamento nesta illa veñen subliñadas pola propia situación, aproximadamente a 1,5 km do peirao. As edificacións do conxunto (espazo das tendas de campaña, aseos comúns, pavillón aberto, comedor) están alleas entre si, intercomunicadas mediante corredoiras de terra con certas pendentes e baixadas, non aptas para cadeiras de rodas nin para nenos ou nenas que precisen apoios ortopédicos.



✓ ILLA MARABILLA

ACTIVIDADES

Náuticas: caiac, snorkel; **aventura e natureza:** tiro con arco, láser tag, orientación con gps, actividades de praia, aula de natureza; aula mariña, obradoiro de concienciación mariña; **deportivas:** deportes alternativos (slackline, béisbol, lacrosse, indiana, crossball, netball, mazaball, floorball, goalball, boccia...) xogos populares galegos (chave, mariola, aros, chapas, birlos, trompo, ra) **outras:** Ons na historia, de roteiro pola illa, gran xogo, aula mariña: Intermareal e trashtag challenge.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Illa Marabilla	01-08/07	13-14	117,36 €	360013
	11-18/07	14-15	117,36 €	360014
	21-28/07	12-13	117,36 €	360015
	01-08/08	14-15	117,36€	360016
	11-18/08	14-15	117,36 €	360017

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.


GRANXA ESCOLA EL KIRICO (Fornelos de Montes)

El Kiriko, Centro de Ocio en la Naturaleza.

Soutosico nº 20, 36847 Fornelos de Montes (Pontevedra)

Coordenadas localización GPS: 42º 20´ 30.90´´ N - 8º 28´ 11.76´´ O

T. 986 76 86 00 – 687 578 019



EL KIRIKO é un centro de educación ambiental, ocio e tempo libre situado no municipio de Fornelos de Montes (Pontevedra). Ten unha extensión de 11 hectáreas e ofrece ás persoas mozas gozar dun fantástico contorno natural.

O centro Kiriko conta cun edificio principal e outras instalacións secundarias. Conta con comedor, cociña industrial, biblioteca, salas de obradoiros e audiovisuais, aula de natureza enfermería, etc...

No exterior dispón dunha nave gandeira, aviario, invernadoiro, piscina, horta biolóxica, zona deportiva, parque infantil, estanque e zonas de bosque autóctono.

Edificio principal con ramplas de acceso, ascensor, portas e aseos accesibles a persoas en cadeira de rodas. Mobiliario disposto para favorecer seguridade e independencia para persoas con mobilidade reducida.



✓ PEQUEAVENTURA NA GRANXA

ACTIVIDADES

Granxa: dinámicas para o coñecemento dos animais da granxa (pastoreo, alimentación, hábitos e costumes dos animais da granxa) e da horta ecolóxica e a compostaxe, iniciación á hípica, obradoiros de cestería, obradoiros de elaboración de fertilizantes naturais e trampas ecolóxicas para o control de pragas, obradoiros de natureza e ciencia, misións granxeiras, exploración da natureza; **aventura:** caiacs, técnicas de orientación e supervivencia, rocódromo, tirolesa, roteiros de interpretación ambiental pola contorna e actividades de lecer na praia fluvial; **deportivas:** xincana acuática, tiro con arco, xogos predeportivos, diverolimpiadas, actividades acuáticas na piscina; **outras actividades:** cluedo granxeiro, xornada temática da feira do pobo, veladas de animación con xogos por equipos, xogos populares galegos e xogos nocturnos de habilidades e talentos.

NOTA: Para ser admitido no campamento é necesario saber nadar.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Pequeaventura na granxa	27/07-03/08	14-15-16-17	148 €	360018
	06-13/08	14-15-16-17	148 €	360019

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

CORAZÓN DE CARBALLO GRANXA ESCOLA (Tomiño)

Barrio Vilar, 45. Tomiño. CP 36740 (Pontevedra)

En coche: Barrio Vilar, 45. Tomiño 36740 [262Q+48 Tomiño (GoogleMaps)]

En autobús: Alsa Vigo-A Guarda

Aeroporto próximo: Aeroporto de Vigo (Peinador) (36 km) [69JF+F3 Vigo (GoogleMaps)]. Enlaces con autobús ou taxi.

Estación tren: Estación de Tui(14 km). Enlaces con autobús ou taxi.

T. 986 62 33 98

Corazón de Carballo é instalación xuvenil rexistrada como granxa escola na Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con dous amplos comedores, cociña, área de aseos e duchas, baño adaptado, ampla sala de usos múltiples, aula de natureza, varias áreas cubertas para a realización de actividades e obradoiros, cancha deportiva, piscina, áreas axardinadas, áreas temáticas: zona de cuadras, galiñeiros, horta, zona de plantas medicinais e 'hospital de plantas', composteiros, área de prehistoria con areeiro, zona de recuperación da vacaloura, área micorrizada, área temática de queixería, miradoiro de orientación, etc.

Ademais encádrase nun paraxe de montaña, arroupándonos a Serra do Argallo e a Serra da Groba. Nas nosas inmediacións temos regatos con fervezas, áreas de viñedos e bodegas, zonas de grande importancia patrimonial.

Toda a instalación está adaptada, con percorridos de ramplas por toda a instalación, facilitando o acceso a persoas con diversidade funcional. Temos unha habitación adaptada, un baño adaptado, salón adaptado, aula de usos múltiples adaptada. Tamén son accesibles areas de animais. A piscina non está adaptada.



✓ AVENTURA NA GRANXA

ACTIVIDADES

Granxa: dinámicas para o coñecemento dos animais de granxa (coidados, alimentación, hábitos e costumes dos animais de granxa) e da horta ecolóxica e a compostaxe, obradoiros ecolóxicos (elaboración de queixo, dun planisferio, avatares naturais), aula de natureza; **aventura:** técnicas de orientación e supervivencia, roteiro pola contorna, rastrexo con contido cultural (refraneiro popular); **deportivas:** grandes xogos temáticos, actividades acuáticas na piscina (xincana e olimpíadas acuáticas), fútbol humano; **outras actividades:** pinturas primarias, dinámicas de colaboración e habilidades entre equipos (xogos de rol e estratexia, "O xuízo dos Itos" e "Galicia salvaxe", e xogos polideportivos en equipo), xogos populares galegos ("Agrolimpiadas"), obradoiros e manualidades, xogos nocturnos de habilidades e talentos, veladas de animación con xogos en equipo (inclúe observación de constelacións, actuacións, rastrexo nocturno e probas por equipos), preparación dun show para a velada final.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura na Granxa	20-27/07	10-11-12	148 €	360020
	31/07-07/08	10-11-12	148 €	360021

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

FERVENZAVENTURA (Silleda)

Reboreda-Abades, 6 CP 36589 Silleda (Pontevedra)

A poboación de referencia a que hai que chegar é Bandeira, en Silleda, Pontevedra.

Dende alí son 5 quilómetros e están tódolos cruces indicados.

T. 986 69 66 22

FervenzAventura é un Centro de Actividades na Natureza, preto da Fervenza do Toxa, a máis alta e espectacular de Galicia.

O edificio consta de 6 aulas de actividades, 1 sala de usos múltiples, 7 cuartos con liteiras, 2 comedores, pistas deportivas (voleibol, fútbol, pista de hípica, piscina...), granxa, invernadoiro.

A instalación está adaptada parcialmente mediante camiños pavimentados. As habitacións teñen liteiras e hai 4 baños adaptados. A piscina non está adaptada.



✓ AVENTURA NA GRANXA

ACTIVIDADES

Granxa: dinámicas para o coñecemento dos animais de granxa (coidados, alimentación, hábitos e costumes dos animais de granxa) e da horta ecolóxica e a compostaxe, obradoiros ecolóxicos (taller de telares), iniciación á hípica, xogos de educación ambiental, aula de natureza; **aventura:** técnicas de orientación e supervivencia, rutas de interpretación ambiental pola contorna, rocódromo e tirolesa; **deportivas:** tiro con arco, xincana acuática, gran xogo temático, actividades acuáticas na piscina, xogos predeportivos; **outras actividades:** obradoiros e manualidades, veladas de animación con xogos en equipo e actuacións, xogos nocturnos de habilidades e talentos.

NOTA: Para ser admitido no campamento é **necesario saber nadar..**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura na granxa	27/07-03/08	10-11-12	148 €	360022
	06-13/08	10-11-12	148 €	360023

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

ILLA DE SAN SIMÓN (Redondela)

O Complexo Cultural "Illa de San Simón" está situado no Concello de Redondela (Pontevedra)

O complexo conta coas seguintes instalacións:

Comedor: con aforo para 100 persoas

- Cocíña industrial: totalmente equipada e preparada para dar servizo de restauración a colectividade
- Edifícios para a pernocta: con aforo para 60 persoas, ampliable a 120 prazas co uso de liteiras auxiliares localizadas na propia illa
- Edificio de usos múltiples: con aforo para 200 persoas, ideal para desenvolver actividades interiores cando a meteoroloxía así o requira
- Amplas zonas exteriores: onde se desenvolverán a maior parte das actividades do campamento



✓ CULTURA NA ILLA

ACTIVIDADES

Educación ambiental: aula mariña, obradoiros de ecoactivismo, climas en acción; **náuticas:** caiac, paddle surf; **artístico-teatrais:** obradoiros de expresión corporal, taller de música creativa, xogos de rol ambientados na Batalla de Rande; **historia e cultura:** roteiro histórico cultural pola Illa, visita ao Museo de Meirande, mirador do Campo da Rata e Praia de Cabanas; taller de fotografía creativa; **outras actividades:** xincana de nemo, carreira de obstáculos, obradoiro de orientación con GPS, veladas de animación con xogos en equipo e actuacións, xogos nocturnos de habilidades e talentos.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Cultura na illa	30/07-06/08	08-09-10-11	148 €	360024
	09-16/08	08-09-10-11	148 €	360025
	19-26/08	13-14	148 €	360026
	29/08-05/09	13-14	148 €	360027

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

COMPLEXO NATURAL CEMAR (Mondariz Balneario)

Rúa Constitución, 66, Mondariz Balneario, Pontevedra

Nacional 120 (Ponteareas), a continuación Estrada Ponteareas-Mondariz, km 7

T. 986 664 506

Complexo de bungalows de 12 por 6 prazas cada un, piscina, parque de cordas, rocódromo, pistas deportivas, scape room, circuío de orientación, club hípico.

Os exteriores e os accesos ás zonas comúns en todas as instalacións están adaptados a persoas con mobilidade reducida.



✓ MULTIDEPORTE

ACTIVIDADES:

Actividades deportivas de aventura: paddle surf, volei praia, piscina e aquagim, caiac, sendeirismo e praia fluvial; **obradoiros:** taller performance, taller de habilidades sociais, improvisación e comunicación, taller de ioga, talleres artísticos; **aventura:** tiro con arco, técnicas de orientación, iniciación á hípica, rocódromo e tirolesa, escape room; **actividades deportivas:** fútbol, baloncesto, torneos, xogos predeportivos; **outras actividades:** visita cultural a Mondariz Balneario, gran xogo da Oca, gran xogo dos enigmas, xincanas, actividades transversais, xogos cooperativos, veladas de animación con xogos en equipo e actuacións, xogos nocturnos de habilidades e talentos.

NOTA: Para ser admitido nestes campamentos **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Multideporte	21-28/08	10-11-12	148 €	360028

✓ UN VERÁN PARA LEMBRAR

ACTIVIDADES:

Natureza: obradoiros de ecoactivismo, roteiro ambiental pola contorna e praia fluvial; **obradoiros:** taller performance, taller ecoactivismo, taller de ioga, teatro e bailes; **aventura:** tiro con arco, técnicas de orientación, iniciación á hípica, rocódromo e tirolesa, escape room; **actividades deportivas:** fútbol, baloncesto, torneos; **actividades acuáticas:** paddle surf, volei praia, piscina e aquagim, caiac, xogos predeportivos; **outras actividades:** construción de cabanas, actividades transversais, xogos cooperativos, veladas de animación con xogos en equipo e actuacións, xogos nocturnos de habilidades e talentos.

NOTA: Para ser admitido nestes campamentos **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Un verán para lembrar	12-19/07	13-14	148 €	360029
	22-29/07	13-14	148 €	360030
	01-08/08	08-09-10-11	148 €	360031
	11-18/08	08-09-10-11	148 €	360032

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*